



**NORMAS DE CARÁCTER XERAL PARA O DESEÑO DAS COMPETICIÓNS OFICIAIS
DE PATINAXE DE VELOCIDADE, ORGANIZADAS POLA FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
ANO 2.008**

1. A Tempada Oficial de Patinaxe de Velocidade da Federación Galega de Patinaxe, dará comezo o día **UN** de Xaneiro do 2.008 e finalizará o **TRINTA** de Decembro do 2.008.
2. As Competicións Oficiais da Federación Galega de Patinaxe serán as seguintes:
 - a) As que definen ó Campión galego de cada categoría e proba, que son clasificatorias para participar no correspondente Campionato de España.
 - b) As de carácter non clasificatorio ou de promoción ou exhibición.
 - c) Calquer outra non comprendida nas anteriores, que a **Federación Galega de Patinaxe** clasifique como tal.
3. Son competicións do punto **a)** anterior:
 - ✓ Campionato Galego SENIOR (Indoor, Pista e Circuito)
 - ✓ Campionato Galego JUNIOR (Indoor, Pista e Circuito)
 - ✓ Campionato Galego XUVENIL (Indoor, Pista e Circuito)
 - ✓ Campionato Galego INFANTIL (Indoor, Pista e Circuito)
4. Son competicións do punto **b)** anterior:
 - ✓ Competicións de categorías inferiores (Indoor, Pista y Circuito).
 - ◆ Campionato Galego ALEVÍN (Indoor, Pista e Circuito)
 - ◆ Campionato Galego BENXAMÍN (Indoor, Pista e Circuito)
 - ◆ Campionato Galego MINI (Indoor, Pista e Circuito)
 - ✓ Todas aquelas que convocadas pola **Federación Galega de Patinaxe (F.G.P)** e que non estean reflexadas nos apartados anteriores.
5. As distancias das probas correspondentes as anteriores sinaladas no punto b) anterior, serán fixadas pola Federación Galega de Patinaxe.
6. Para poder participar nun Campionato de España, en tódalas probas, terá que participar en tódalas probas do Campionato Galego, salvo casos de forza maior debidamente acreditados.
7. A Federación Galega de Patinaxe inscribirá nas fases preliminares e finais dos Campionatos de España a cantos corredores considere, con clase e méritos probados, indicando as distancias i especialidades, Indoor, Pista e Circuito, nas que deberá ser inscrito cada corredor.
8. Calquer Clube ou corredor independente que desexe participar nunha competición organizada pola Federación Galega de Patinaxe deberá inscribirse por escrito dentro do prazo establecido na convocatoria, e seguindo as condicións especificadas nesta. Non se permitirá a participación nas mesmas dun corredor con licencia de outra Federación salvo que o autorice, expresamente a **F.G.P.**



FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

9. Será requisito imprescindible para poder participar en calquera competición, ter as fichas dilixenciadas cun mínimo de QUINCE días, antes do comezo das mesmas.
10. Non se dilixenciará ningunha ficha que non presente a correspondente fotografía, D.N.I. orixinal, ou pasaporte individual.
11. Un corredor deberá ser inscrito nas probas da categoría na que teña a licencia Federativa, presentándose como excepcións os casos que se detallan no artigo 12 e 13.
12. Os patinadores que se proclamaron Campións e Subcampións no Campionato Galego dunha determinada modalidade (indoor, pista, circuito, maratón) na tempada 2007, terán a opción de poder ser inscritos e disputar as probas correspondentes á categoría inmediatamente superior á que lle corresponde nesa modalidade da tempada 2008, se o clube o considera oportuno e efectúa a inscrición deste xeito. Estes patinadores poderán optar ó tanto as medallas na proba correspondente como ó título de Campión Galego na categoría na que compiten.
13. Aqueles patinadores que presentan licencia federativa por primeira vez na tempada 2008, poderán ser inscritos e disputar as probas da categoría inmediatamente inferior á que lle corresponde, na modalidade na que se inscriba durante tempada 2008, se o clube o considera oportuno. Estes patinadores non poderán optar nen as medallas para as probas disputadas, nen o título de Campión Galego na categoría na que compiten.
14. As idades para as distintas categorías na presente temporada serán:

<u>CATEGORÍA</u>	<u>ANO DE NACEMENTO</u>
MINI.....	2001 e posteriores
BENXAMÍN.....	1999 – 2000
ALEVÍN.....	1997 – 1998
INFANTIL.....	1995 – 1996
XUVENIL.....	1993 - 1994
JUNIOR.....	1992 - 1991
SENIOR.....	1990 e anteriores

15. Todo Clube ou corredor que despois de efectuar a inscrición en calquera proba desexe retirarse, deberá informar á F.G.P da súa decisión polo menos con CORENTA E OITO HORAS de anticipación con respecto ó inicio da Competición. Dita retirada será aceptada só en casos excepcionales, que estimará o COMITÉ DE COMPETICIÓN previa aportación das probas documentais, procedendo no caso contrario a abrir o correspondente expediente sancionador.



FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

16. Por motivos de seguridade non se permitirá a participación en ningunha competición a aqueles corredores que leven escaiolas ou obxectos metálicos, cadenas ou calquer objeto que poida facer perigrar a integridade física do corredor ou dos seus adversarios.
17. Procurarase que asista a ambulancia e persoal da Cruz Vermella ou outros a tódalas competicións, pero a súa non asistencia, non será motivo para a non celebración das probas.
18. Dada a carencia actual de instalacións, o pabillón, a pista ou o circuito que designe a F.G.P para o desenrolo de calquer Competición será válida a tódolos efectos.
19. O Xuez Árbitro, Xueces Auxiliares e Cronometradores serán designados polo Comité Galego de Patinaxe de Velocidade, dos actualmente existentes, sendo posible, no caso de necesidade, habilitar a calquer persoa que o citado Comité considere con coñecementos suficientes para desenrrolar calquera dos cometidos anteriormente sinalados.
20. No caso de ter que recurrir ós Xueces pertencentes a outras Federacions, as taxas de arbitraje, dietas, etc., serán por conta dos Clubes e/ou corredores independentes que participen nas probas ó efecto.
21. O Xuez Árbitro é a MÁXIMA autoridade deportiva e ten o control técnico-disciplinario das carreiras dunha Competición. Preside e designa de entre os Xueces auxiliares, o Xurado que dirixe a Competición.
22. As reclamacións deberán ser entregadas na mesa da Secretaría 15 minutos despois do término da carreira.
23. Non se interrompirá ó Xuez Árbitro na Competición, tódalas reclamacións ou preguntas faránse por escrito e serán presentadas na mesa da Secretaría.
24. Ningún patinador, entrenador, delegado ou membro dun Clube cruzará ou permanecerá no recinto do pabillón/circuito/pista que delimite o Xuez Árbitro, sen autorización dun dos Xueces. O incumprimento deste artigo levará a súa posterior sanción.
25. Nas probas só pode haber un delegado por Clube, que deberá poseer a licenza federativa en vigor.
26. O Xuez Árbitro da Carreira, así como o resto dos Xueces que regulen a mesma, irán, debida e visiblemente acreditados, así como perfectamente uniformados, co fin de evitar equívocos co resto das persoas da Competición.
27. Os Delegados dos equipos irán debida e visiblemente acreditados en cada Carreira.
28. Calquer situación que se plantee, non contemplada polas presentes normas, será resolta polo **Comité de Competición da Federación Galega de Patinaxe.**